



Confederación Intersindical Galega

## Sección Sindical CIG Telefónica

A Coruña: coruna@cigtelefonica.com Teléfono 981183969 - Fax 981183679

Pontevedra: pontevedra@cigtelefonica.com Teléfono 986264949

Lugo: lugo@cigtelefonica.com / Ourense: ourense@cigtelefonica.com

# Este convenio non, outro resultado era posible.

Onde quedaron as demandas do Comité Intercentros?. O problema é a actitude submisiva diante da empresa.

No ano 2010, Telefónica obtén os maiores beneficios que unha empresa española obtivese nunca, como premio repartíranse **7.000 millóns de € entre os accionistas** e máis de **450 millóns de € entre os directivos**. Teñamos en conta que **15 millóns de €** supoñen unha suba do **1%** a todo o cadro de persoal.

Os traballadores tamén merecemos a nosa parte pois somos nós os que producimos. Por contra, atopámonos a decisión da empresa de destruír mas de 6000 postos de traballo a través dun ERE. **A aceptación deste inxustificable ERE debería traducirse en conseguir melloras na negociación do convenio.**

A plataforma que presentou o Intercentros na mesa de negociación, recolle, entre outras as seguintes cuestións:

- incremento da Masa Salarial por riba do IPC.
- incremento do resto de conceptos económicos á marxe da masa salarial.
- mantemento do plus de Produtividade.
- ampliación da garantía de emprego ao art. 52.d (despedimento por absentismo).
- unha Clasificación Profesional que non supoña perdas respecto a actual.
- opción do traballador ante un despedimento improcedente.

**Nada do anterior está recollido no texto final que presentou a empresa.**

O resultado da negociación:

Non conseguimos garantir que se aplique o IPC aos salarios actuais, o que suporía o mantemento teórico do poder adquisitivo. O Plus de Produtividade (que pasaba a formar parte da masa salarial ao finalizar o ano) é substituído por unha Paga de Produtividade condicionada ao OIBDA e non consolidable.



Confederación Intersindical Galega

## Sección Sindical CIG Telefónica

A Coruña: coruna@cigtelefonica.com Teléfono 981183969 - Fax 981183679

Pontevedra: pontevedra@cigtelefonica.com Teléfono 986264949

Lugo: lugo@cigtelefonica.com / Ourense: ourense@cigtelefonica.com

Con respecto á Clasificación Profesional: as funcións de cada categoría quedan sen definir e serán tratadas posteriormente nunha mesa da negociación. Os traballadores que entren novos na empresa comezarán cobrando moito menos e precisarán 44 anos para chegar ao nivel máis alto na escala salarial da categoría (11 máis que ata agora).

Crease outra comisión de negociación permanente, neste caso para Operacións, só hai que ver todo o que se conseguiu na mesa de Comercial para ver que nos traerá esta cuestión.

**Os traballadores despedidos por absentismo( baixa médica) seguen na rúa.**

De novo a empresa consegue os seus obxectivos de maneira permanente ( a redución de persoal e o empeoramento de condicións laborais e salariais), mentres que para os traballadores **as garantías de emprego, de non segregación, de non mobilidade xeográfica só se manteñen durante a vixencia do convenio.**

Quedan moitos temas a tratar na mesa de negociación permanente onde a capacidade de resposta do cadro de persoal é moi pouca. Sen información e coa política de feitos consumados os traballadores saímos perdendo sempre nestas negociacións, aínda con resultados económicos tan bos como os actuais para Telefónica.

Compostela 7 de xullo de 2011